

INSTRUCCIÓN PARA LEVAR A CABO A ESTRUTURA

FOLIO XIRATORIO

Asígnase unha tarefa que pode ser unha lista de palabras, a redacción dun conto, as cousas que se saben dun determinado tema para coñecer ideas previas, unha frase que resuma a idea fundamental do tema que se estea estudando, etc. Entregarase un folio ao equipo no que resolverán a tarefa.

Un membro do equipo comeza a escribir a súa achega ao folio xiratorio.

A continuación pásallo ao compañeiro seguinte seguindo a dirección das agullas do reloxo para que este escriba a súa achega no folio. Así sucesivamente ata que todos os membros participen na resolución da tarefa.